



Instrución 7/2025 da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se regula a organización das ensinanzas de inglés na modalidade de educación a distancia denominada *That's English!*, incluíndo os cursos *ExamPrep* preparatorios das probas de certificación dos niveis B2 e C1, nas escolas oficiais de idiomas para o curso 2025/26.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación dedica o capítulo VII do Título I ás ensinanzas de idiomas. No seu artigo 59.1 organiza unha estrutura destas ensinanzas en tres niveis: básico, intermedio e avanzado. Así mesmo, o artigo 60.3 da citada lei establece que as administracións educativas poderán integrar nas escolas oficiais de idiomas as ensinanzas de idiomas a distancia e, no seu desenvolvemento, o Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro (BOE 23/12/2017), fixa as esixencias mínimas do nivel básico A2 para os efectos de certificación, establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 e establece as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as descritas no real decreto.

O Decreto 81/2018, do 19 de xullo, establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na Orde ESD/1742/2008, do 17 de xuño, do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte (BOE 19/06/08) establécense os currículos dos niveis básico e intermedio das ensinanzas de réxime especial do idioma inglés a distancia.

Na Orde ECD/1211/2014, do 8 de xullo, do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (BOE 14/07/2014) régulanse as características e establécese a estrutura, o currículo e as probas correspondentes ao nivel avanzado das ensinanzas de réxime especial de inglés, adaptadas á modalidade de educación a distancia.

Co fin de unificar os criterios de actuación nos centros en que se ofertará a modalidade de inglés a distancia a través do programa *That's English!*, e para regular a organización dos cursos de preparación das probas oficiais de certificación dos niveis B2 e C1 (*ExamPrep*), a Dirección Xeral de Formación Profesional dita as seguintes instrucións:





**I. CURSOS DE NIVEL BÁSICO A2, INTERMEDIO B1 E B2 E AVANZADO C1 NA MODALIDADE
*THAT'S ENGLISH!***

1. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DOS CURSOS

1.1. Estas instrucións teñen por obxecto establecer as oportunas liñas de actuación para a correcta impartición dos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 do idioma inglés nas escolas oficiais de idiomas a través da modalidade a distancia denominada *That's English!*.

1.2. No curso 2025/26 seguirá en vigor o Plan de estudos 2020 de *That's English!*, que estrutura os niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 de acordo coa seguinte táboa:

THAT'S ENGLISH! - PLAN DE ESTUDOS 2020		
NIVEL	CURSO	MÓDULO
BÁSICO A2	1º básico A2	Básico A2.1
		Básico A2.2
	2º básico A2	Básico A2.3
		Básico A2.4
INTERMEDIO B1	Intermedio B1	Intermedio B1.1
		Intermedio B1.2
INTERMEDIO B2	1º intermedio B2	Intermedio B2.1
		Intermedio B2.2
	2º intermedio B2	Intermedio B2.3
		Intermedio B2.4
AVANZADO C1	Avanzado C1	Avanzado C1.1
		Avanzado C1.2

1.3. A superación dos módulos básico A2.3, intermedio B1.1, intermedio B2.3 e avanzado C1.1 do Plan 2020 de *That's English!* dará acceso ás correspondentes probas de certificación dos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 (apartado 8.4.).

1.4. A superación destas probas dará lugar á expedición dun certificado acreditativo de ter superado os respectivos niveis das ensinanzas de inglés de réxime especial e permitirá o acceso directo ao seguinte nivel, tanto na modalidade *That's English!* como na presencial.





1.5. O alumnado matriculado nos módulos básico A2.4, intermedio B1.2 e intermedio B2.4 terá que optar entre realizar as probas de certificación do nivel correspondente nas convocatorias oficiais (seguindo o procedemento descrito no apdo. 8.4.), ou realizar unha proba de avaliación final de módulo que, de ser superada, garantirá a súa continuidade no seguinte nivel unicamente no ámbito do programa *That's English!*.

O alumnado matriculado no módulo C1.2 deberá realizar as probas de certificación.

1.6. O alumnado que desexe cambiar da modalidade *That's English!* ao réxime oficial das escolas oficiais de idiomas terá que ter superada a proba de certificación do nivel inmediatamente anterior ao que acceda.

2. CRITERIOS DE ACCESO DO ALUMNADO

2.1. Criterios xerais

Para acceder a estas ensinanzas é requisito imprescindible ter dezaseis anos cumpridos no ano natural en que se inicien os estudos. Así mesmo, poderán acceder as persoas que teñan catorce anos cumpridos, se o idioma inglés non é a primeira lingua estranxeira cursada na educación secundaria obrigatoria.

2.2. Requisitos académicos

2.1.1. Primeiro curso de nivel básico

Para acceder ao primeiro módulo do primeiro curso do nivel básico (A2.1), o alumnado terá que cumprir os requisitos xerais establecidos no apartado anterior.

2.1.2. Segundo curso de nivel básico

Para acceder ao segundo curso do nivel básico A2 (módulo A2.3) será preciso cumprir algún dos seguintes requisitos:

- a) Ter superado o nivel básico A1 das ensinanzas oficiais.
- b) Ter superado o primeiro curso de nivel básico A2 (módulo A2.2) do programa *That's English!*
- c) No caso de non ter superado o módulo A2.2 do primeiro curso de nivel básico A2, o alumnado deberá superar as probas de recuperación deste módulo pendente na convocatoria de decembro 2025, para poder ser avaliado dos módulos A2.3 e A2.4 do segundo curso do nivel básico A2.
- d) Estar en posesión do título de graduado en ESO, tendo cursado e superado inglés como primeira lingua estranxeira.





- e) Obter acceso ao segundo curso de nivel básico na Valoración Inicial do Alumnado (VIA) (apartado 3).

2.1.3. Nivel intermedio B1

Para acceder ao nivel intermedio B1 (módulo B1.1) será preciso cumprir algún dos seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión dalgún dos certificados acreditativos do nivel A2 recollidos no anexo da Orde do 21 de xuño de 2016, ou ben na [táboa de certificados recoñecidos](#) pola ACLES (Asociación de Centros de Linguas na Ensinanza Superior).
- b) Estar en posesión do título de bacharelato, tendo cursado e superado inglés como primeira lingua estranxeira.
- c) Ter superado o segundo curso do ciclo elemental das ensinanzas reguladas polo Real decreto 967/1988, do 2 de setembro.
- d) Obter acceso ao nivel intermedio B1 na Valoración Inicial do Alumnado (VIA) (apartado 3).

2.1.4. Primeiro curso do nivel intermedio B2

Para acceder ao primeiro curso do nivel intermedio B2 (módulo B2.1) será preciso cumprir algún dos seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión dalgún dos certificados acreditativos do nivel B1 recollidos no anexo da Orde do 21 de xuño de 2016, ou ben na [táboa de certificados recoñecidos](#) pola ACLES (Asociación de Centros de Linguas na Ensinanza Superior).
- b) Ter superado o módulo 6 que forma parte do primeiro curso do nivel intermedio B1 do Plan 2018 de *That's English!*
- c) Obter acceso ao primeiro curso do nivel intermedio B2 na Valoración Inicial do Alumnado (VIA) (apartado 3).

2.1.5. Segundo curso do nivel intermedio B2

Para acceder ao segundo curso do nivel intermedio B2 (módulo B2.3) será preciso cumprir algún dos seguintes requisitos:

- a) Ter superado o primeiro curso do nivel intermedio B2 polo réxime oficial (curso B2.1), ou polo programa *That's English!* (módulo B2.2).
- b) No caso de non ter superado o módulo B2.2 do primeiro curso de nivel intermedio B2, o alumnado deberá superar as probas de recuperación deste módulo pendente na convocatoria de decembro 2025, para poder ser avaliado dos módulos do segundo curso do nivel intermedio B2.





- c) Estar en posesión do certificado do ciclo elemental das ensinanzas reguladas polo Real decreto 967/1988, do 2 de setembro.
- d) Estar en posesión do certificado acreditativo de ter superado o nivel intermedio das ensinanzas reguladas polo Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro, pola modalidade presencial.
- e) Ter superado o módulo 9 que forma parte do primeiro curso do nivel intermedio B2 do plan 2018 de *That's English!*
- f) Ter superado o módulo 10 que forma parte do primeiro curso do nivel intermedio B2 do plan 2018 de *That's English!*
- g) Ter superado o módulo 11 e suspendido o 12 do nivel intermedio B2 do plan 2018.
- h) Obter acceso ao segundo curso do nivel intermedio B2 na Valoración Inicial do Alumnado (VIA) (apartado 3).

2.1.6. Nivel avanzado C1

Para acceder ao nivel avanzado C1 (módulo C1.1) será preciso cumprir algún dos seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión dalgún dos certificados acreditativos do nivel B2 recollidos no anexo da Orde do 21 de xuño de 2016, ou ben na [táboa de certificados recoñecidos](#) pola ACLES (Asociación de Centros de Linguas na Ensinanza Superior).
- b) Estar en posesión do certificado de aptitude no idioma inglés das ensinanzas reguladas polo Real Decreto 967/1988, do 2 de setembro.
- c) Obter acceso ao nivel avanzado C1 na Valoración Inicial do Alumnado (VIA) (apartado 3).

2.1.7. O alumnado que teña superado o primeiro curso do nivel avanzado C1 na modalidade presencial poderá acceder aos estudos do segundo módulo (C1.2) do nivel avanzado C1 na modalidade a distancia *That's English!*. Este acceso non suporá en ningún caso unha rebaixa no prezo da matrícula, xa que o alumnado recibirá todo o material didáctico completo do curso.

3. PROBA VIA (Valoración Inicial do Alumnado)

3.1. A Valoración Inicial do Alumnado (VIA), prevista no artigo 3 da Orde ESD/1742/2008, do 17 de xuño (BOE 19/06/2008), vai dirixida a aquelas persoas que, tendo coñecementos previos de inglés, desexen acceder a un curso do programa *That's English!* distinto de primeiro curso de nivel básico A2.

3.2. O alumnado que interrompa os seus estudos por un período mínimo dun ano (que non estivera matriculado nunha EOI, en calquera das modalidades, no curso





2024/25), poderá renunciar ao seu expediente e optar por ingresar de novo no programa *That's English!* realizando a proba VIA.

3.3. A proba VIA será facilitada en liña polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes a través da web de *That's English!*, e estará dispoñible para a súa realización durante todo o período de inscrición.

3.4. Esta proba desenvolverase de acordo cos seguintes apartados:

- a) As escolas oficiais de idiomas administrarán a proba VIA antes de finalizar o período de matrícula establecido, nos centros autorizados, preferentemente naqueles que sexan centros de apoio administrativo.
- b) Quen solicite realizar a dita proba deberá efectuar a preinscrición a través da páxina web de *That's English!* no curso ao que desexe acceder. Unha vez coñecidos os resultados da proba, formalizará de forma definitiva a matrícula, se houber praza.
- c) Ao alumnado que realice a proba VIA en liña informaráselle do curso ao que pode acceder. O resultado desta proba terá validez unicamente para o curso 2025/26.
- d) O informe derivado da realización da proba VIA será recoñecido en calquera das escolas oficiais de idiomas e centros autorizados para impartir o programa *That's English!*, tendo sempre en conta que a súa escola de referencia poderá realizar probas complementarias para confirmar ou modificar o nivel da persoa matriculada.
- e) Este informe non suporá en ningún caso dereito á expedición de certificado oficial de niveis anteriores aos que se accede.

3.5. O resultado da proba de clasificación ordinaria elaborada polos departamentos de inglés das EOI de Galicia terá a mesma consideración que a proba VIA a efectos de acceso aos distintos módulos e de matrícula, tendo, porén, validez por un período de dous cursos académicos.

4. MATRÍCULA

O alumnado de novo acceso, que desexe matricularse no primeiro curso de nivel básico A2, ou que cumpra cos requisitos descritos no apartado 2, e o alumnado apto, non apto ou non presentado nas convocatorias ordinaria ou extraordinaria, que desexe continuar os seus estudos no programa *That's English!* no curso académico 2025/26, deberá matricularse seguindo os prazos e o procedemento que se indican a continuación.





4.1. Prazos de matrícula

O alumnado apto nas convocatorias ordinaria ou extraordinaria, e que desexe continuar os seus estudos nesta modalidade, poderá formalizar a súa matrícula para o curso seguinte **entre o 30 de xuño e o 15 de xullo de 2025**.

As datas de matrícula para o resto do alumnado (alumnado de novo acceso e que cumpra cos requisitos descritos no apartado 2 desta instrución, e alumnado non apto ou non presentado en xuño) serán **do 1 de setembro ao 31 de outubro de 2025**, sen prexuízo de que se poida habilitar un prazo extraordinario de matrícula con posterioridade, de existiren prazas vacantes.

4.2. Procedemento e pago de matrícula

- a) O alumnado deberá inscribirse a través da páxina web de *That's English!* (www.thatsenglish.com) cubrindo os datos solicitados.
- b) No prazo de 3 días hábiles desde que se cubra en liña o impreso, deberase realizar o pago (segundo os prezos establecidos no apartado 4.4.). Poderase optar por realizar o pago en liña (TPV virtual) ou na entidade bancaria establecida para tal fin. O alumnado que opte por esta modalidade deberá ter en conta que a entidade bancaria pode cobrar unha comisión por realizar a operación, así como limitar as datas e os horarios para poder facela.
- c) Nun prazo non superior a 3 días hábiles a partir do seguinte á realización do pago, o alumnado presentará, na escola oficial de idiomas ou no centro de apoio administrativo que corresponda, a documentación para formalizar a matrícula. Logo de rematado este prazo, a inscrición carecerá de efectos.
- d) O alumnado que solicite a realización da proba VIA non poderá formalizar a súa inscrición ata coñecer os resultados.

4.3. Documentación para formalizar a matrícula

O alumnado presentará, no centro de apoio administrativo que corresponda, a documentación que se detalla neste apartado.

Para todo o alumnado que se matricule:

- a) O impreso de matrícula con todos os apartados debidamente cubertos. Deberanse indicar tamén os centros onde a persoa prefira recibir atención titorial (como se especifica no apartado 4.7.4. desta instrución).
- b) O xustificante de pagamento.
- c) Unha fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte.





- d) Documentación acreditativa do dereito á bonificación dos prezos de matrícula, de ser o caso, segundo se detalla no apartado 4.5.
- e) Se solicitou a anulación das convocatorias do curso anterior, un certificado da súa concesión emitido pola dirección da EOI que corresponda.

Para alumnado repetidor ou que teña pendente un módulo para recuperar:

- a) Se repite algún dos cursos do programa, deberá presentar unha fotocopia do boletín de cualificacións.
- b) Se se matricula no segundo curso do nivel básico A2, ou intermedio B2 tendo pendente de recuperación un módulo do primeiro curso (A2.2 ou B2.2), deberá presentar unha fotocopia do boletín de cualificacións.

Para o alumnado que se matricule por primeira vez nesta modalidade:

- a) Para o alumnado que sexa menor de 16 anos, un certificado no que se faga constar a primeira lingua estranxeira cursada na ESO no curso escolar 2024/25.
- b) Se accede a un curso distinto do primeiro de nivel básico A2, documentación que acredite que cumpre calquera dos requisitos que se especifican no apartado 2.2.
- c) Se se matricula no segundo curso do nivel básico A2 ou do nivel intermedio B2 tendo superado respectivamente o nivel básico A1 ou o curso intermedio B2.1 na modalidade presencial en calquera EOI, presentará unha certificación académica oficial expedida polo centro onde cursou os seus estudos.

4.4. Prezos

4.4.1. Ao realizar a inscrición, o alumnado que se matricule por primeira vez nun curso deberá aboar a cantidade de 210€, salvo que teña dereito a algunha das reducións de prezo contempladas no apartado 4.5. A inscrición dará dereito aos medios didácticos postos a disposición do alumnado para cada curso, incluídos o acceso á plataforma *e-learning* e o apoio titorial.

4.4.2. O alumnado que repita un curso recibirá un caderno de actividades do nivel correspondente, e aboará 131€ ao formalizar a súa inscrición.

4.5. Bonificacións

Serán de aplicación as seguintes bonificacións:





4.5.1. O alumnado que estea en posesión do título oficial ou tarxeta de familia numerosa terá dereito á exención parcial ou total do pago do custo da matrícula e do material didáctico posto á disposición deste, segundo a categoría:

- Familia numerosa de categoría xeral: prezo reducido do 50% (aboará 105€).
- Familia numerosa de categoría especial: exención do pagamento.

O alumnado que solicite exercer este dereito debe acreditar a súa condición, presentando o correspondente título oficial de familia numerosa actualizado, expedido pola autoridade competente, xunto cunha fotocopia que, unha vez cotexada co orixinal, quedará arquivada no seu expediente.

4.5.2. Todo o persoal (funcionario, interino ou persoal laboral) da administración pública que desexe inscribirse neste programa terá dereito ao prezo reducido do material didáctico (pago de 115€). A persoa interesada deberá presentar na secretaría da escola oficial de idiomas unha certificación da súa condición de persoal en activo.

4.5.3. Todo o persoal (funcionario, interino ou persoal laboral) que preste servizos en centros públicos nos que se impartan ensinanzas de réxime xeral ou de réxime especial que desexe inscribirse neste programa terá dereito a unha redución do 50% sobre o prezo do material didáctico (pago de 105€). A persoa interesada deberá presentar na secretaría da escola oficial de idiomas unha certificación da súa condición de persoal en servizo activo.

4.5.4. As persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33% no momento da matrícula estarán exentas de calquera pago por materiais didácticos. Para acreditar esta situación, deberán presentar unha fotocopia do certificado de discapacidade ditado polo órgano correspondente.

4.5.5. O alumnado recoñecido como vítima do terrorismo estará exento do pagamento do material didáctico. Para acreditar esta condición deberá presentar o informe preceptivo do Ministerio do Interior.

4.5.6. O alumnado que forme parte dunha unidade familiar (pais/nais e fillos/as, irmáns/ás, cónxuxes e parellas de feito), na que algún dos seus membros estivera ou estea inscrito no mesmo curso do Plan 2020, só aboará a cantidade de 131€ en concepto de material didáctico. Para isto, deberá acreditar tal circunstancia mediante unha fotocopia do libro de familia, ou documento equivalente, e o resgardo de inscrición do membro que adquiriu os materiais do curso en que se inscribe a persoa interesada en *That's English!*. Este desconto non é compatible con outros descontos aplicados a algún dos membros da unidade familiar e só se lle aplicará a un membro da mesma unidade.





4.5.7. As persoas en paro maiores de 52 anos teñen dereito ao prezo reducido do 50% (105€). Para isto, deberán presentar o orixinal e unha fotocopia da tarxeta de demanda de emprego en vigor.

4.5.8. As reducións contempladas neste apartado 4.5. non son acumulables entre si nin aplicables ao alumnado repetidor.

4.6. Devolución de matrícula

4.6.1. Unha vez formalizada a matrícula, e de acordo co disposto na Lei 3/2014, do 27 de marzo, pola que se modifica o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, o alumnado terá dereito a desistir da inscrición, sen indicar ningún motivo, durante un período de 14 días naturais desde o momento do pago da inscrición.

4.6.2. Neste caso, deberá realizar a petición no centro de apoio administrativo onde formalizou a matrícula ou descargar o formulario de desistencia da web de *That's English!* e envialo ao seguinte enderezo electrónico: devoluciones@thatsenglish.com. Disporá de 14 días naturais para entregar o material, sen desprecintar, na EOI en que realizou a inscrición.

4.6.3. O dereito de desistencia non será aplicable se o material didáctico de *That's English!* foi aberto ou se os servizos de *That's English!* foron utilizados.

4.6.4. Unha vez que a sociedade encargada da xestión do proxecto (Eductrade S.A.) reciba a documentación e comprobe coa escola a devolución do material precintado, realizarase a devolución do importe aboado polos seguintes métodos de pago:

- Se a persoa pagou por TPV: retroceso do pago á súa tarxeta.
- Se a persoa pagou nunha sucursal bancaria: transferencia ao número de conta corrente que a persoa facilite no formulario de desistencia.

En calquera caso, e sen ningún custo, poderase solicitar a devolución por transferencia bancaria con independencia do método de pago elixido para realizar a matrícula.

4.6.5. Unha vez transcorrido o período de 14 días estipulado pola lei, só procederá a devolución da inscrición en *That's English!* por causas xustificadas imputables ao programa. Neste caso, o procedemento que se seguirá para tramitar a devolución de matrícula será o seguinte:

- a) O alumnado presentará no centro de apoio administrativo onde formalizou a súa inscrición a correspondente instancia de solicitude debidamente motivada e xustificada documentalmente, xunto co orixinal do "Exemplar





- para a/o alumna/o" do impreso de matrícula. A instancia de solicitude de devolución debe presentarse antes do 15 de decembro de 2025.
- b) O centro de apoio administrativo deberá entregarlle ao alumnado un xustificante por escrito onde quede constancia da reclamación realizada.
 - c) A dirección do centro redactará un informe sobre a devolución, tendo en conta que esta só procederá cando sexa debida a causas imputables a *That's English!*
 - d) A instancia, xunto co informe da dirección do centro, remitirase no prazo de 15 días ao Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente, Dirección Xeral de Formación Profesional, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Edificio Administrativo de San Caetano s/n, bloque 2, 3º andar, 15781 Santiago de Compostela.
 - e) Cando proceda a devolución, faranse as xestións necesarias para que lle sexa reintegrada á persoa solicitante a cantidade aboada, ben na súa tarxeta de crédito/débito (se realizou a inscrición na web de *That's English!* por medio deste método de pago) ou mediante transferencia bancaria ao número de conta facilitado. En ambos os casos, o alumnado deberá devolver previamente o material didáctico sen desprecintar.
 - f) Cando non proceda a devolución, comunicaráselle á persoa interesada a través do centro de apoio administrativo.

4.7. Centros de matrícula

4.7.1. As ensinanzas de inglés do programa *That's English!* impartiranse a través das escolas oficiais de idiomas e IES autorizados para tal efecto, que figuran no anexo II desta instrución.

4.7.2. Son centros de apoio administrativo as EOI de A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo; os demais centros terán a consideración de centros de apoio titorial da EOI á que estean adscritos por criterios de proximidade xeográfica.

4.7.3. O alumnado recibirá información acerca dos centros de apoio titorial que correspondan ao centro de apoio administrativo que elixira, xunto co impreso de matrícula.

4.7.4. Ao cubrir o impreso de matrícula, o alumnado deberá especificar, por orde de preferencia, aqueles centros onde desexe recibir a atención titorial. No suposto de existir maior demanda que oferta para un ou varios centros, as prazas asignaranse por orde de solicitude de inscrición, coa excepción prevista no apartado 5.1 para o alumnado que xa estivera matriculado durante o curso anterior, que terá asegurada a súa praza nas condicións previstas; e o alumnado procedente de traslado desde outro centro, que gozará de carácter preferente fronte ao alumnado de novo ingreso.



4.7.5. Unha vez finalizado o prazo de matrícula, os centros de apoio administrativo elaborarán unha listaxe definitiva de alumnado matriculado que deberá facerse pública.

4.7.6. O alumnado de *That's English!* terá a consideración de alumnado oficial da escola oficial de idiomas onde estea matriculado. Se o seu centro de apoio titorial fose un IES, terá a consideración de alumnado oficial da escola oficial de idiomas da que dependa o IES como centro de apoio administrativo.

5. INCIDENCIAS DE MATRÍCULA

5.1. Traslado de expediente

5.1.1. O alumnado matriculado nun centro nun determinado ano académico terá asegurada a praza para proseguir os seus estudos no mesmo centro ao ano seguinte.

5.1.2. Cando o alumnado matriculado nun centro nun determinado ano académico solicite praza para proseguir os seus estudos ao ano seguinte nun centro distinto, terá dereito preferente sobre o alumnado que se matricule por primeira vez no programa *That's English!*, pero só se poderá atender a súa petición se existen prazas vacantes no centro ao que queira acceder.

5.1.3. Neste caso, a secretaría do centro de orixe fará unha preinscrición do alumnado que solicita o traslado para garantir a súa continuidade no programa e porase en contacto co centro de destino para coñecer se dispón de praza. En caso afirmativo, facilitará os datos de preinscrición para que se teñan en conta nese centro. Esta preinscrición será realizada tan só para os efectos de garantir a praza no centro de destino.

5.1.4. Unha vez que remate este proceso, comunicaráselle ao alumnado a concesión ou denegación do traslado para que poida formalizar a matrícula no centro solicitado, en caso afirmativo, ou facer firme a inscrición no propio centro, en caso negativo.

5.1.5. A matrícula non poderá facerse efectiva no centro mentres a persoa solicitante non realice a súa inscrición definitiva e o centro de destino non reciba o seu expediente do centro de orixe. Unha vez confirmada a recepción do expediente, darase de baixa a persoa no centro de orixe.

5.2. Traslado de *matrícula viva*

O alumnado poderá solicitar o traslado de expediente ao longo do curso académico debido a causas xustificadas, sempre que permaneza no ámbito do programa *That's English!*.





Estas solicitudes tramitaranse, por pedimento da persoa interesada, a través do centro de orixe, unha vez que se confirme a dispoñibilidade de praza no centro de destino. Cando o centro de destino confirme a recepción do expediente, o centro de orixe dará de baixa a persoa solicitante.

5.3. Cambio de modalidade

Se unha/un estudante de *That's English!* desexase continuar os seus estudos no réxime oficial das escolas de idiomas dentro do mesmo centro ou noutro, para o seu acceso a esta modalidade terase en conta a súa condición de alumna/o oficial, e deberá seguir o procedemento e prazos establecidos para a matrícula do alumnado presencial na escola correspondente, sendo preceptivo ter superado as probas de certificación do nivel inmediatamente anterior ao que acceda.

Non é posible solicitar o traslado de matrícula viva entre *That's English!* e a modalidade oficial (semi)presencial durante o curso académico.

5.4. Incompatibilidades

O alumnado dos cursos *That's English!* non poderá estar matriculado **no mesmo nivel en ningunha outra modalidade**. Cando se detecte duplicidade de expedientes, o alumnado deberá optar por unha das dúas modalidades, renunciando á outra, sen que isto supoña a devolución dos importes aboados para a modalidade á que renuncia.

5.5. Anulación das convocatorias

O alumnado inscrito no programa *That's English!* poderá solicitar á dirección do centro a anulación das convocatorias correspondentes ao curso en que estea matriculado, sempre que o faga con anterioridade ao 15 de decembro de 2025. A aceptación desta solicitude non suporá a devolución do importe nin dos materiais correspondentes ao curso, pero permitiralle ao alumnado matricularse no curso seguinte sen efectuar de novo o pagamento correspondente ao material didáctico.

6. ORGANIZACIÓN DOS CURSOS *THAT'S ENGLISH!* NO ÁMBITO DAS EOI

6.1. *That's English!* nos centros

6.1.1. Os centros autorizados que estean impartindo ensinanzas do programa *That's English!* deberán adquirir o compromiso de facelo durante todo o curso académico. O equipo directivo do centro será responsable do funcionamento destas ensinanzas en canto ás competencias que ten encomendadas con carácter xeral.

6.1.2. Os procedementos académicos e administrativos correspondentes a esta modalidade de ensino son os mesmos que os da modalidade presencial, coas





excepcións impostas polas características específicas desta, no referente a matriculación e avaliación.

6.1.3. Os centros autorizados deben garantir quendas de tarde e, se existise dispoñibilidade de espazos e demanda por parte do alumnado, tamén se poderán establecer quendas de mañá, co fin de proporcionarlle a adecuada atención tutorial.

6.1.4. O horario de sesións e atención tutorial de cada grupo de alumnado farase público no centro.

6.1.5. A programación anual de cada centro incluírá un apartado dedicado a esta modalidade de ensino onde se detallen todos os seus aspectos académicos e administrativos.

6.1.6. Os departamentos territoriais de inspección educativa velarán polo cumprimento das normas que rexen estas ensinanzas e de cantas outras de índole administrativa, académica ou disciplinaria que, reguladas con carácter xeral, poidan incidir nesta modalidade educativa.

6.2. Profesorado e atención tutorial de *That's English!*

6.2.1. O profesorado estará constituído por persoal funcionario do corpo de profesorado de EOI. Tamén poderá impartir o programa profesorado de inglés do corpo de profesorado de ensino secundario, que deberá coordinarse coa escola oficial de idiomas da que dependa naqueles temas que lle afecten ao desenvolvemento do programa e, en especial, á avaliación do alumnado.

6.2.2. Para o profesorado que imparta estas ensinanzas, o programa ofrecerá unha formación específica para o uso e o manexo da plataforma *e-Learning* de *That's English!*. Esta formación realizarase mediante un curso en liña en que se abordarán distintos aspectos relacionados coa educación a distancia, coas tecnoloxías da información e da comunicación e co coñecemento da plataforma onde están aloxados todos os materiais dos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 do plan 2020 de *That's English!*.

6.2.3. Esta formación está certificada polo Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e Formación do Profesorado (INTEF), e é elaborada polo CIDEAD (Centro para a Innovación e o Desenvolvemento da Educación a Distancia) do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes.

6.2.4. A dedicación horaria de cada titor/a deberá garantir unha sesión de dúas horas semanais, das que alomenos unha hora e media será de clase presencial, con cada un dos grupos de alumnado que lle correspondan, así como o tempo necesario para realizar as tarefas de tutoría, revisión de actividades, elaboración de probas e





avaliación. As características do programa non permiten dividir este número de horas entre máis dun/ha docente por grupo.

6.2.5. Estas sesións de apoio tutorial serán colectivas para o alumnado que teña asignado cada titor/a. No momento da matrícula, o alumnado elixirá o grupo que mellor se adapte á súa dispoñibilidade horaria, non podendo esixir cambios de grupo, nin adaptacións personalizadas. En todo caso, a falta de asistencia ás titorías non será penalizada.

As sesións de tutoría estarán destinadas a:

- Favorecer o desenvolvemento da expresión e interacción oral.
- Resolver as dúbidas que xurdan durante o estudo e a realización das actividades das unidades.
- Orientar nas técnicas e estratexias que faciliten o proceso de aprendizaxe do idioma inglés, así como anticiparse ás dificultades que lle poidan xurdir ao alumnado para axudalo a superalas.
- Orientar o alumnado no uso da plataforma *e-Learning* e informalo dos recursos dispoñibles nela.

6.3. A persoa coordinadora *That's English!*

Para facilitar as tarefas docentes e de xestión, en todos os centros de apoio administrativo nomearase unha persoa coordinadora das actividades do programa no propio centro e nos de apoio tutorial adscritos a este.

A persoa coordinadora, ademais da atención tutorial de, polo menos, un grupo, de acordo coas directrices dos órganos de coordinación docente establecidos no centro, desempeñará as seguintes funcións:

- a) Velará polo cumprimento da normativa establecida sobre a organización e o funcionamento do programa *That's English!*.
- b) Realizará calquera outra función en relación co programa *That's English!* que lle asigne a dirección do centro.
- c) Convocará reunións con todas as titoras e titores da modalidade do seu propio centro e dos centros de apoio tutorial adscritos a este para planificar e programar o curso.
- d) Informará o profesorado sobre as características da modalidade (aspectos didácticos, metodolóxicos, académicos e administrativos), programación cuadrimestral de cada módulo e medios didácticos que utiliza o alumnado: libros de texto, caderno de actividades, programas de televisión, plataforma *e-learning*, app, etc.





- e) Elaborará, en colaboración co equipo directivo do centro, o calendario e horario de titorías presenciais, facéndoo público para o coñecemento xeral do alumnado.
- f) Recibirá os materiais didácticos do alumnado e do profesorado, elaborados para estas ensinanzas, e coordinará a súa entrega seguindo as directrices do equipo directivo.
- g) Convocará o profesorado titor, para facilitarlle información xeral relacionada con aspectos xerais de organización e funcionamento do programa no centro.
- h) Coordinará, xunto coa xefatura do departamento de inglés do centro e o resto do profesorado titor con dedicación a esta oferta, a elaboración das probas presenciais de avaliación e recuperación para cada un dos módulos do programa.
- i) Organizará o calendario de avaliacións e recuperacións consonte os seguintes procedementos:
 - Elaborará o calendario de avaliacións e recuperacións ao principio do curso, de acordo coas datas previstas nesta instrución, e farao público para o coñecemento xeral do alumnado.
 - Velará a que a información do calendario previsto se envíe a todo o alumnado.
 - Coordinará o desenvolvemento das probas de avaliación e recuperación de cada módulo.
- l) No caso de que a escola se acolla ás probas en liña, encargarse de informar coa suficiente antelación as persoas titoras, para que estas llo transmitan ao seu alumnado, sobre os requisitos técnicos necesarios para poder realizar estas probas, segundo se recolle no punto 8.3.

7. RECURSOS E MEDIOS DIDÁCTICOS

A distribución dos medios didácticos estará dirixida polo programa dende o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes.

Cando comece a matrícula no mes de setembro, estarán a disposición do alumnado matriculado os libros correspondentes a cada módulo.

Ademais do material didáctico, o alumnado terá dereito ás titorías e ao acceso á plataforma *e-Learning* como ferramenta de apoio correspondente ao curso en que estea inscrito.

O alumnado repetidor e o alumnado con desconto por unidade familiar recibirá o caderno de actividades dos módulos que lle correspondan.



8. AVALIACIÓN E CERTIFICACIÓN

A avaliación desta modalidade das ensinanzas de idiomas de réxime especial terá como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos nos currículos correspondentes aos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1.

8.1. Probas de recuperación

Coa finalidade de informar correctamente o alumnado, o equipo directivo do centro e a persoa coordinadora do programa, de acordo co profesorado e previo coñecemento do departamento territorial de inspección educativa, fixarán o calendario de probas de recuperación preferentemente antes de finalizar o mes de outubro.

O calendario de exames e avaliacións no curso 2025/26 adecuarase ao establecido na táboa que se recolle no anexo I.

Na primeira semana do mes de decembro de 2025 convocaranse as probas de recuperación dos módulos A2.2 e B2.2. para o alumnado que estivera matriculado no curso 2025/26 nun curso superior, condicionado á superación destes módulos e que aínda os teña pendentes. De non superar esta convocatoria, este alumnado será considerado en cursos posteriores repetidor do último curso do nivel en que se inscribira.

A superación de cada módulo dará lugar a unha acreditación que garantirá a validez permanente das probas superadas, para os efectos desta modalidade educativa, sempre que se continúen os estudos dentro do Plan 2020.

8.2. Probas de avaliación e recuperación presenciais

As probas presenciais de avaliación e recuperación para os módulos de non certificación do programa *That's English!* serán elaboradas polo profesorado adscrito ao programa. Para o deseño, administración e avaliación das ditas probas, o profesorado contará con modelos proporcionados polo programa dende o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes. Estes modelos deberán entenderse como unha guía e poderán ser modificados ou substituídos por outras probas similares a criterio de cada escola.

8.3. Probas de avaliación e recuperación telemáticas

As probas de avaliación e recuperación para os módulos de non certificación poderanse realizar de forma telemática. Para isto debe terse en conta a seguinte información:





a) As versións dixitalizadas das probas poderán ser usadas polos centros que o desexen. Son modelos ofrecidos polo CIDEAD (Centro para a Innovación e o Desenvolvemento da Educación a Distancia) como axuda ao labor titorial que, de seren utilizados, en ningún caso se poderán modificar.

b) Por motivos de seguridade, a proba facilitarase só nunha data e hora determinadas. A escola deberá, na medida do posible, convocar a todo o alumnado do mesmo nivel o mesmo día e á mesma hora e avisar o servizo de teleasistencia cun mínimo de sete días hábiles de antelación, enviando un correo electrónico ao seguinte enderezo: thatsenglish@thatsenglish.com. Para garantir a asistencia técnica adecuada, as datas das probas deberán respectar o calendario establecido ao inicio do curso.

c) Para que se realice a proba de xeito telemático, a escola debe constatar que o alumnado conta cos medios técnicos requiridos e que instalou no equipo informático dende o que accede á proba os programas informáticos indicados na guía, que estará dispoñible na plataforma *e-Learning*, dentro do módulo en que estea matriculado. Así mesmo, a persoa encargada da coordinación do programa faralle chegar esta guía ao profesorado titor, e este ao seu alumnado, coa suficiente antelación.

d) O alumnado accederá na data e hora que determine a escola oficial de idiomas a través da plataforma *e-Learning* de *That's English!* e realizará a proba telemática do nivel que lle corresponda elaborada polo programa dende o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes.

8.4. Probas de certificación

8.4.1. Ao remate dos módulos A2.4, B1.2, B2.4 e C1.2, o alumnado realizará as probas de certificación dos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1, respectivamente, segundo o establecido nos apdos. de 1.3 a 1.6. desta instrución.

8.4.2. O alumnado de *That's English!* non terá que aboar prezos públicos polo acceso ás probas de certificación, pero deberá realizar a inscrición nestas, segundo o establecido na Resolución do 27 de maio de 2025 da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2025/26 (apdo. 12.3.3.).

8.4.3. O procedemento e os prazos de inscrición nas probas de certificación serán obxecto dunha normativa específica que se publicará coa debida antelación e á que as EOI darán difusión.





8.4.4. As probas de certificación administraranse nas datas e segundo as especificacións establecidas pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. As probas serán unificadas para todo o alumnado, independentemente da modalidade, nos niveis B2 e C1; para os niveis A2 e B1 serán unificadas nos departamentos didácticos de cada EOI, con carácter xeral.

8.4.5. As probas terán lugar nas escolas oficiais de idiomas e nos centros de apoio titorial autorizados para impartir estas ensinanzas. O alumnado dependente dun centro titorial que non sexa unha EOI realizará as probas terminais para a certificación do nivel correspondente do idioma inglés na EOI ou extensión máis próxima, segundo o anexo III desta instrución.

9. CERTIFICADOS

9.1. A superación das probas de certificación dará lugar á expedición dos certificados dos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 ou avanzado C1 das ensinanzas de idiomas de réxime especial do idioma inglés.

9.2. As escolas oficiais de idiomas das que dependan os cinco centros de apoio administrativo expedirán os certificados dos niveis básico A2 e intermedio B1 das ensinanzas de idiomas de réxime especial do alumnado de *That's English!* que certifique os niveis correspondentes.

9.3. Por proposta da escola oficial de idiomas da que dependa cada centro de apoio titorial ou administrativo, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional expedirá os certificados dos niveis intermedio B2 e avanzado C1 das ensinanzas de idiomas de réxime especial do alumnado de *That's English!* que certifique os ditos niveis.

II. CURSOS DE PREPARACIÓN DAS PROBAS DE CERTIFICACIÓN DE NIVEL INTERMEDIO B2 E AVANZADO C1 *EXAMPREP*

10. DESCRICIÓN DOS CURSOS

Os cursos de preparación para as probas de certificación *ExamPrep* B2 e *ExamPrep* C1 están dirixidos ás persoas interesadas en preparar a distancia as probas de certificación de inglés dos niveis intermedio B2 e avanzado C1.

Estes cursos impartiranse por cuatrimestres, sendo a oferta actual a que se recolle no apartado 12, e terán unha duración de 60 horas.

O número máximo de persoas matriculadas en cada grupo será de 30, para o nivel B2, e 25, para o nivel C1.





11. CRITERIOS DE ADMISIÓN DO ALUMNADO

Para acceder a estas ensinanzas é requisito imprescindible ter dezaseis anos cumpridos no ano en que se inicien os estudos. Así mesmo, poderán acceder as persoas que teñan catorce anos cumpridos, se o idioma inglés non é a primeira lingua estranxeira cursada na educación secundaria obrigatoria.

Ademais, as persoas interesadas en realizar estes cursos deben residir na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para matricularse nestes cursos non é necesario estar en posesión dun certificado do nivel anterior.

12. OFERTA PARA O CURSO 2025/26

No curso académico 2025/26 impartiranse un curso *ExamPrep* B2 e un *ExamPrep* C1 na EOI de Vigo, no segundo cuadrimestre.

A programación anual do centro incluírá unha referencia a esta formación dentro do apartado dedicado á modalidade de ensino a distancia.

13. DATAS DE REALIZACIÓN DOS CURSOS E PRAZOS DE INSCRICIÓN

Os cursos *ExamPrep* comezarán o **2 de febreiro** e rematarán o **8 de maio de 2026**. O prazo de inscrición abranguerá dende o **8 ao 31 de xaneiro de 2026**.

14. INCOMPATIBILIDADES

O alumnado destes cursos non poderá estar matriculado **no mesmo nivel en ningunha outra modalidade**. Cando se detecte duplicidade de expedientes, o alumnado deberá optar por unha das modalidades, renunciando á outra, sen que isto supoña a devolución dos importes aboados para a modalidade á que renuncia.

Así mesmo, este alumnado non poderá matricularse en dous niveis simultaneamente, e no segundo cuadrimestre non poderá repetir o mesmo nivel que realizou no primeiro, pero si poderá matricularse nun nivel distinto, sempre que a oferta o permita.

15. PROCEDEMENTO E PREZO DE INSCRICIÓN

A inscrición realizarase por vía telemática a través da seguinte ligazón:

<https://examprep.thatsenglish.com>.

Para ter asegurada a súa praza no curso asignado, a persoa solicitante deberá aboar a cantidade de 150€, que non está suxeita a reducións nin a exencións.





16. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Tras aboar o importe de inscrición, o alumnado recibirá un correo electrónico co recibo do pagamento e outro coas instrucións da entrega da documentación.

Disporá de tres días hábiles para presentar a seguinte documentación:

- DNI, NIE ou pasaporte.
- Documentación acreditativa de residir na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Para o alumnado que sexa menor de 16 anos, un certificado no que se faga constar a primeira lingua estranxeira cursada na ESO no curso escolar 2025/26.

A documentación enviarase ao correo electrónico examprep@thatsenglish.com

17. DESISTENCIA DA INSCRICIÓN

Unha vez formalizada a matrícula, e de acordo co disposto na Lei 3/2014, do 27 de marzo, pola que se modifica o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, o alumnado que non fixera uso do servizo terá dereito a desistir da inscrición, sen indicar ningún motivo, durante un período de 14 días naturais desde o momento do pago da inscrición.

Neste caso, deberase cubrir o [formulario de desistencia](#) e envialo ao seguinte enderezo electrónico: devoluciones@thatsenglish.com.

Despois de que a sociedade encargada da xestión do proxecto (Eductrade S.A.) comprobe que os prazos son correctos e que non se fixo uso do servizo, realizarase a devolución do importe aboado polo mesmo método polo que se realizou o pago.

Unha vez transcorrido o período de 14 días estipulado pola lei, só procederá a devolución da inscrición por causas xustificadas imputables ao programa. Non se admitirá a solicitude de devolución por causas imputables ao alumnado.

18. ORGANIZACIÓN DOS CURSOS

Nos cursos traballaranse as cinco actividades de lingua que se avalían nas probas de certificación oficiais das EOI, establecidas no Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro.

O alumnado realizará 6 tarefas escritas, que serán corrixis pola persoa titora, e asistirá a 4 titorías de 1 hora de duración en grupos de 5 persoas. Estas titorías realizaranse exclusivamente a través de videoconferencia.

Ademais, ao inicio do curso a persoa titora realizará unha sesión de videoconferencia para todo o grupo, na que informará o alumnado sobre os



horarios das titorías, o calendario de entrega das tarefas escritas e calquera outra cuestión relativa ao desenvolvemento do curso.

19. PROBAS DE CERTIFICACIÓN

A realización do curso non dará dereito a ningún tipo de certificación, por tratarse dun curso preparatorio para as probas conducentes á obtención dos certificados dos niveis B2 e C1.

O alumnado poderá obter os certificados dos niveis B2 ou C1 superando as probas de certificación, que se realizarán nos prazos e de acordo co procedemento que estableza esta dirección xeral.

O alumnado dos cursos *ExamPrep* non terá que aboar prezos públicos polo acceso ás probas de certificación, pero deberá realizar a inscrición nestas nos prazos que serán establecidos pola Dirección Xeral de Formación Profesional. A inscrición realizarase na EOI ou extensión na que o alumnado estea matriculado.

O alumnado que se inscriba nas probas terá dereito a presentarse na convocatoria ordinaria e na extraordinaria, nas mesmas condicións que o alumnado oficial.

As probas de certificación administraranse nas datas e segundo as especificacións establecidas pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

A avaliación desta modalidade das ensinanzas de idiomas de réxime especial terá como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos nos currículos correspondentes aos niveis intermedio B2 e avanzado C1.

Santiago de Compostela

A directora xeral de Formación Profesional

María Eugenia Pérez Fernández





ANEXO I

CALENDARIO DE AVALIACIÓNS Curso 2025/26				
Mes	Módulos que se avalían	Alumnado	Condições para acceder á avaliación	Anotacións
Decembro 2025	Recuperación dos módulos A2.2 e B2.2	Alumnado matriculado no 2º curso de A2 ou B2 e que teña pendente este módulo do curso anterior		
Febreiro 2026	Avaliación de todos os módulos impares (A2.1, A2.3, B1.1, B2.1, B2.3, C1.1)	Todo o alumnado <i>That's English!</i>	No caso do alumnado do 2º curso de A2 e B2, ter recuperado os módulos pendentes en decembro, de ser o caso.	
A partir de abril 2026	Recuperación dos módulos impares	Alumnado que non superara a avaliación de febreiro		
A partir de maio 2026	Avaliación dos módulos pares: avaliación de módulo para A2.2 e B2.2	Alumnado do 1º curso de A2 e B2		O alumnado que non o supere poderá matricularse no 2º curso, pero terá que recuperar este módulo en decembro.
Convocatoria ordinaria de certificación	Avaliación de módulo (a partir de maio) OU certificación para A2.4, B1.2, B2.4 Só certificación para C1.2	Alumnado matriculado nun curso final de nivel, que deberá escoller se certificar ou pasar por unha proba final de módulo	Ter superado o módulo inmediatamente anterior no programa. Inscribirse nas probas para o alumnado que escolla certificar.	O alumnado escollerá entre a proba final de módulo ou a certificación. O alumnado de C1.2 deberá certificar.
Convocatoria extraordinaria de certificación	Recuperación dos módulos impares (a partir de maio) e pares (a partir de xuño)	Alumnado non apto ou non presentado á anterior convocatoria da proba final de módulo		
	Proba de certificación extraordinaria	Alumnado de cursos finais de nivel non apto ou non presentado na anterior convocatoria da proba de certificación		En cada caso, a superación da proba (de módulo ou certificación) permitirá o acceso ao curso <i>That's English!</i> seguinte.





ANEXO II

CENTROS PARTICIPANTES NO PROGRAMA *THAT'S ENGLISH!*

CÓDIGO	CENTRO DE APOIO TITORIAL	CENTRO DE APOIO ADMINISTRATIVO
921	EOI da Coruña	EOI da Coruña Rúa da Educación, 1 15011 A Coruña Teléfono: 981 268930
925	EOI de Ferrol	
943	EOI de Santiago de Compostela	
927	IES "Agra de Raíces" (Cee)	
928	IES Nº 1 (Ribeira)	
922	EOI de Lugo	EOI de Lugo Ronda Xosé Castiñeira nº 1 27002 Lugo Teléfono: 982 829242
30	EOI de Viveiro	
934	IES "San Rosendo" (Mondoñedo)	
923	EOI de Ourense	EOI de Ourense Mestre Vide, s/n 32004 Ourense Teléfono: 988 366245
935	IES "Martaguisela" (O Barco de Valdeorras)	
936	IES "Xesús Taboada Chivite" (Verín)	
945	IES "Carlos Casares" (Viana do Bolo)	
924	EOI de Pontevedra	EOI de Pontevedra Celso Emilio Ferreiro s/n 36005 Pontevedra Teléfono: 886 159121
938	IES "Ramón Mª Aller Ulloa" (Lalín)	
931	EOI de Vilagarcía de Arousa	
937	EOI de Vigo	EOI de Vigo Emilio Martínez Garrido, 17 36205 Vigo (Pontevedra) Teléfono: 986 263220





ANEXO III

CENTROS DE REALIZACIÓN DAS PROBAS DE CERTIFICACIÓN PARA O ALUMNADO DO PROGRAMA *THAT'S ENGLISH!*

CENTRO DE APOIO TITORIAL	CENTRO DE REALIZACIÓN DAS PROBAS DE CERTIFICACIÓN
EOI da Coruña	EOI da Coruña
EOI de Ferrol	EOI de Ferrol
EOI de Santiago de Compostela	EOI de Santiago de Compostela
IES "Agra de Raíces" (Cee)	Extensión EOI Cee (IES "Fernando Blanco")
IES Nº 1 (Ribeira)	Extensión EOI Ribeira (IES Nº 1)
EOI de Lugo	EOI de Lugo
EOI de Viveiro	EOI de Viveiro
IES "San Rosendo" (Mondoñedo)	EOI de Lugo
EOI de Ourense	EOI de Ourense
IES "Martaguisela" (O Barco de Valdeorras)	Extensión EOI O Barco de Valdeorras (IES "Lauro Olmo")
IES "Xesús Taboada Chivite" (Verín)	Extensión EOI Verín (IES "García Barbón")
IES "Carlos Casares" (Viana do Bolo)	Extensión EOI O Barco de Valdeorras (IES "Lauro Olmo")
EOI de Pontevedra	EOI de Pontevedra
IES "Ramón Mª Aller Ulloa" (Lalín)	Extensión EOI Lalín (IES "Ramón Mª Aller Ulloa")
EOI de Vilagarcía de Arousa	EOI de Vilagarcía de Arousa
EOI de Vigo	EOI de Vigo





ANEXO IV

EQUIVALENCIAS ENTRE OS PLAN DE ESTUDOS

Plan único	Plan 2008	Plan 2011 / Plan 2018	Plan 2020
1º curso do Ciclo Elemental	1º curso do Nivel Básico	Nivel Básico (A2)	Nivel Básico A2
2º curso do Ciclo Elemental	2º curso do Nivel Básico		
–	Certificado de Nivel Básico	Certificado de Nivel Básico	Certificado de Nivel Básico A2
3º curso do Ciclo Elemental	–	Nivel Intermedio (B1)	Nivel Intermedio B1
Certificación académica do Ciclo Elemental	–	Certificado de Nivel Intermedio	Certificado de Nivel Intermedio B1
1º curso do Ciclo Superior	–	Nivel Avanzado (B2)	Nivel Intermedio B2
2º curso do Ciclo Superior			
Certificado de Aptitude	–	Certificado de Nivel Avanzado	Certificado de Nivel Intermedio B2
–	–	Nivel C1	Nivel Avanzado C1
–	–	Certificado de Nivel C1	Certificado de Nivel Avanzado C1

